

## **Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 334, do 11.10.1984.

Emendas, BOPG núm. 342, do 10.11.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 408, do 27.4.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 417, do 15.5.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 417, do 15.5.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 115, do 21.5.1985.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 423, do 29.5.1985.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 130, do 9.7.1985.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 206, do 28.8.1985.

## Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas

Pola Lei 4/1986 foron modificados os artigos 7 (nos seus apartados 1, 2 e 4) e 12.1 e maila disposición transitoria segunda.

Pola Sentencia do Tribunal Constitucional 18/1991, do 31 de xaneiro (BOE supl. ó núm. 4), declarouse a inconstitucionalidade e conseguinte nulidade do inciso «instruirá o oportuno procedemento xurisdiccional» do artigo 5.1.

Pola Lei 8/2015 foron modificados os artigos 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 19, 20, 23, 24, 25, 26, e 28 e engadidos os artigos 5bis, 10bis, 24bis, 24 ter e as disposicións adicionais bis, ter e quater e foi derogada a disposición derradeira.

-Pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, engádesse a disposición transitoria 3ª.

O Estatuto de Autonomía de Galicia asume o poder presupostario da Comunidade Autónoma nos artigos 10.B e 53. Así mesmo, o artigo 17.a) da Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas recoñécelles a estas competencias normativas, de acordo cos seus respectivos Estatutos, na «elaboración, exame, aprobación e control dos seus presupostos...».

Os artigos 136 e 153.d) da Constitución consideran ó Tribunal de Contas como supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado e do sector público, atribuíndolle o control económico e presupostario das Comunidades Autónomas.

A Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas no seu artigo 22 reitera o disposto no artigo 153.d) da Constitución e complétao ó sentar que o control económico e presupostario da actividade financeira das Comunidades Autónomas pode concorrer tanto no Tribunal de Contas coma

noutros sistemas e institucións de control de carácter comunitario.

Tendo en conta o anterior, é posible non só que cada Comunidade Autónoma cree os seus propios órganos de control interno, isto é, os seus propios órganos interventores, senón tamén órganos de control externo.

Por outra parte, é unha realidade que o control político da actividade, en xeral, de cada Administración Autonómica e o da execución do seus propios presupostos, en especial, corresponden a cada Asamblea lexislativa territorial.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 53.2 prevé a creación dos seus propios órganos de control económico e presupostario externo, ó sinalar: «Sen prexuício do disposto no artigo 136 e no apartado d) do artigo 153 da Constitución, créase o Consello de Contas de Galicia. Unha Lei de Galicia regulará a súa organización e funcionamento e establecerá as garantías, normas e procede-

mentos para asegura-la rendición das contas da Comunidade Autónoma, que deberá someterse á aprobación do Parlamento».

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do devandito Estatuto e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Consello de Contas.

## Título I

### Competencias

#### Artigo 1. Competencias.

1. O Consello de Contas de Galicia, como órgano de fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma.

2. Depende directamente do Parlamento de Galicia e exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ó ordenamento xurídico.

#### Artigo 2. Ámbito de actuación.

Ós efectos desta Lei, compoñen o sector público da Comunidade Autónoma:

a) A Administración Autonómica e os seus organismos autónomos.

b) As Entidades Locais e os seus organismos autónomos, así como

as empresas públicas dependentes das mesmas, no ámbito competencial das institucións de autogoberno.

c) As empresas públicas, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes da Administración Autonómica.

d) As Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

#### Artigo 3. Réxime interior.

Correspóndelle ó Consello de Contas a competencia para todo o concernente ó goberno e ó réxime interior do mesmo e ó persoal ó seu servicio.

Deberá elabora-lo seu proxecto de presupostos, que se integrará nos xerais da Comunidade Autónoma, nunha Sección específica diferenciada, para que sexa sometido á aprobación do Parlamento de Galicia.

#### Artigo 4. Fiscalización.

Son funcións do Consello de Contas de Galicia:

a) Fiscaliza-la actividade económico-financeira do sector público de Galicia, velando para que se axuste ó ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.

b) Fiscaliza-las subvencións, os créditos e as axudas con cargo ós presupostos dos entes públicos galegos, así como os avais e exen-

cións fiscais directas e persoais concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.

c) Fiscaliza-los contratos celebrados pola Administración Autonómica e outros entes do sector público de Galicia nos casos en que se estableza así ou que o Consello de Contas o considere conveniente.

d) Fiscaliza-la situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entes públicos galegos.

e) Fiscaliza-los créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos presupostarios galegos.

f) Emitir dictames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as Institucións e os entes públicos galegos.

g) Analiza-la utilización dos recursos disponibles atendendo ó menor custo na realización do gasto e formula-las propostas tendentes a mellora-los servicios prestados polo sector público de Galicia.

h) Fiscaliza-lo grado de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas presupostarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso, as causas de incumprimento.

## Artigo 5. Enxuciamento.

1. Se no exercicio da súa función fiscalizadora o Consello de Contas advertirse a existencia de indicios de responsabilidade contable, instruirá o oportuno procedemento xurisdiccional<sup>(1)</sup> e dará traslado das correspondentes actuacións ó Tribunal de Contas para que este efectúe o enxuciamento das mesmas.

2. Así mesmo, en materia de enxuciamento contable, realizará tódalas funcións que lle delegue o Tribunal de Contas, de acordo co que prevé a Lei Orgánica 2/82, do 12 de maio.

## Título II

### Organización e funcionamento

#### Capítulo I

#### Organización

## Artigo 6. Órganos.

Son órganos do Consello de Contas:

- 1) O Pleno
- 2) O Conselleiro Maior
- 3) A Comisión de Goberno

---

(1) O inciso «instruirá o oportuno procedemento xurisdiccional» declarouse inconstitucional e nulo pola STC 18/1991, do 31 de xaneiro.

- 4) As Seccións:
  - a) De fiscalización
  - b) De enxuciamiento

5) A Secretaría Xeral

Artigo 7. O Pleno.

1. O Pleno estará integrado por sete Conselleiros, un dos cales será o Conselleiro Maior.<sup>(2)</sup>

2. O Pleno quedará validamente constituído cando estean presentes catro dos seus membros e os seus acordos serán adoptados por maioría dos asistentes.<sup>(3)</sup>

3. Correspóndelle ó Pleno:

a) Exerce-la función fiscalizadora de acordo coas disposicións desta Lei.

b) Adopta-las disposicións necesarias para cumprí-los fins que esta Lei lle encomenda ó Consello de Contas.

c) Aproba-lo proxecto de Presupuesto.

d) Aprobar tódolos informes, memorias, propostas, dictames e consultas que formulen os órganos competentes do Consello de Contas.

e) Propo-lo nomeamento dun dos seus membros para o cargo de Conselleiro Maior.

f) Resolve-los conflitos de atribucións e cuestións de competencia entre os diversos órganos do Consello de Contas.

g) Designa-los Presidentes das Seccións.

h) Nomea-lo Secretario Xeral.

i) Plantexa-los conflitos que afectan ás competencias ou atribucións do Consello.

l) Decidir sobre a instrucción do procedemento a que se refire o n.º 1 do artigo 5 desta Lei.

ll) As demais funcións que por lei se lle encomende.

4. O Pleno será convocado polo Conselleiro Maior, a iniciativa propia ou sempre que o soliciten ó menos tres dos seus membros.<sup>(4)</sup>

Artigo 8. O Conselleiro Maior.

1. O Conselleiro Maior será nomeado por un período de tres anos polo Presidente da Xunta, a proposta do Pleno de entre os seus membros.

2. O Conselleiro Maior cesará no seu cargo: por expiración do período do seu mandato, por renuncia, por invalidez permanente que o incapacite para o exercicio da súa función, ou cando perda a súa condición de Conselleiro.

3. O Conselleiro Maior será substituído provisionalmente en caso de

---

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 1 do artigo 7 foi modificado polo artigo 1 da Lei 4/1986.

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 2 do artigo 7 foi modificado polo artigo 1 da Lei 4/1986.

---

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 4 do artigo 7 foi modificado polo artigo 1 da Lei 4/1986.

ausencia e enfermidade, así como no suposto de vacante, ata que se produza o novo nomeamento, polo Conselleiro de maior antigüidade de entre os que integran a Comisión de Goberno, dirimíndose a substitución, en caso de empate, en favor do Conselleiro de maior idade.

4. Son atribucións do Conselleiro Maior:

a) Representar ó Consello de Contas.

b) Convocar e presidi-lo Pleno e a Comisión de Goberno así como decidir co seu voto de calidade en caso de empate.

c) Exerce-la xefatura superior do persoal.

d) Dispo-los gastos propios do Consello e a contratación de obras, bens, servicios, subministrados e demais prestacións necesarias para o seu funcionamento.

e) Resolve-las demais cuestións de carácter interno non asignadas a outros órganos do Consello.

f) As demais que lle reconeza a lei.

Artigo 9. A Comisión de Goberno.

1. A Comisión de Goberno está constituída polo Conselleiro Maior e os Conselleiros de Contas Presidentes de Sección.

2. Correspóndelle á Comisión de Goberno:

a) Establece-lo réxime de traballo do persoal.

b) Distribuí-los asuntos entre as Seccións.

c) Exerce-las funcións relativas ó nomeamento e contratación do persoal, goberno e administración en xeral.

d) Exerce-la potestade disciplinaria respecto ó persoal de acordo coas normas de réxime interior.

e) Nomea-los Delegados Instructores.

f) As outras facultades que o Pleno lle delegue para a maior eficacia no exercicio das funcións propias do Consello.

Artigo 10. As Seccións.

1. Á Sección de Fiscalización corresponderalle a verificación da contabilidade das entidades do sector público de Galicia e o exame e a comprobación das súas contas.

Organizarase en departamentos sectoriais ó fronte de cada un dos cales estará un Conselleiro.

2. Á Sección de Enxuciamiento correspóndelle, no marco establecido polo artigo 5 desta Lei, a instrucción dos procedementos xurisdiccionais e o enxuciamiento das responsabilidades contables daqueles que teñen ó seu cargo caudais ou efectos públicos conforme ás funcións do Consello de Contas.

3. Os Presidentes das Seccións serán designados polo Pleno para un período de tres anos.

Artigo 11. A Secretaría Xeral.

1. O Secretario Xeral desempeñará as funcións conducentes ó

adecuado exercicio das competencias governativas do Pleno da Comisión de Goberno e do Conselleiro Maior en todo o relativo ó réxime interior do Consello de Contas.

2. O Secretario Xeral velará especialmente pola redacción das Actas das Sesións do Pleno e da Comisión de Goberno, formará o anteproxecto de presuposto e o proxecto de memoria anual que se deban someter ó Pleno.

## Capítulo II Funcionamento

### Sección 1.<sup>a</sup>

Os membros do Consello

Artigo 12. Os Conselleiros.

1. Os Conselleiros, en número de sete, son designados, polo Parlamento mediante votación por maioría de tres quintas partes, para un período de seis anos. Se se producen vacantes, cubiranse de acordo co establecido anteriormente e polo tempo que reste de mandato.<sup>(5)</sup>

2. Os Conselleiros de Contas son independentes e inamovibles e serán elixidos entre Conselleiros do Tribunal de Contas, Censores

Xurados de Contas, Maxistrados, Fiscais, funcionarios públicos pertencentes a Corpos que esixen a titulación académica superior, e entre licenciados en Dereito, en Ciencias Económicas, en Ciencias Empresariais e Intendentes Mercantís de recoñecida competencia con máis de doce anos de exercicio profesional.

3. Non poderán ser designados Conselleiros de Contas os que, nos dous anos anteriores, estivesen comprendidos nalgún dos supostos que se citan a seguir:

a) As autoridades ou funcionarios que teñen ó seu cargo a xestión, inspección ou intervención dos ingresos e gastos do sector público de Galicia.

b) Os Presidentes, Directores e membros dos Consellos de Administración de organismos autónomos e das empresas integradas no sector público de Galicia.

c) Os particulares que, excepcionalmente, administren, recaden ou custodien fondos ou valores públicos.

d) Os perceptores das subvencións con cargo a fondos públicos.

e) Calquera outra persoa que teña a condición de contadante perante o Consello de Contas.

f) Os beneficiarios de avais ou exencións fiscais directas e persoais concedidas por calquera dos entes indicados no artigo 2.

---

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 1 do artigo 12 foi modificado polo artigo 2 da Lei 4/1986.

### Artigo 13. Incompatibilidades.

1. Os membros do Consello de Contas estarán suxeitos ás mesmas causas de incapacidade, incompatibilidade e prohibicións establecidas para os Xuíces na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

2. A condición de membro do Consello de Contas de Galicia é incompatible con:

a) A de Deputado do Parlamento de Galicia ou de calquera outro Parlamento Autonómico.

b) A de Deputado do Congreso dos Deputados.

c) A de Senador.

d) A de membro do Tribunal de Contas.

e) A de Valedor do Pobo.

f) A de Defensor do Pobo.

g) Calquera cargo político ou administrativo do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais ou dos seus organismos autónomos, das empresas públicas, calquera que sexa a súa forma xurídica.

h) O exercicio de funcións directivas ou executivas en partidos políticos, centrais sindicais, organizacións empresariais e Colexios Profesionais.

i) A de membro de calquera dos órganos asesores da Xunta de Galicia.

l) O exercicio da súa profesión ou de calquera outra actividade remunerada.

3. Se a designación recaese nalgunha das persoas ás que se refire o apartado anterior, antes de tomar posesión, deberá renunciar ó seu cargo ou función.

4. O nomeamento dos membros do Consello de Contas implicará, no seu caso, a declaración do interesado na situación de servicios especiais ou equivalente na carreira ou Corpo de procedencia.

### Artigo 14. Abstención e recusación.

Para os Conselleiros rexen as causas de abstención e de recusación seguintes:

a) Ter interés persoal no asunto ou na empresa ou entidades interesadas, ou ter cuestión litixiosa pendente ou relación de servicio con algún interesado.

b) Ter parentesco de consanguinidade ata o cuarto grado ou de afinidade ata o segundo grado con calquera dos contadantes ou administradores das entidades indicadas no artigo 2.

c) Ter amizade íntima ou enesmistade manifesta con algunha das persoas sinaladas no apartado anterior.

### Artigo 15. Responsabilidade.

A responsabilidade disciplinaria do Conselleiro Maior e dos Conselleiros deberá ser establecida polas



normas de réxime interior do Consello de Contas.

Artigo 16. Perda da condición.

Os membros do Consello de Contas de Galicia perden a súa condición polas seguintes causas:

a) Por morte ou por renuncia presentada e aceptada polo Parlamento.

b) Por extinción do mandato ó expira-lo término.

c) Por incapacidade declarada por decisión xudicial firme.

d) Por inhabilitación para o exercicio dos dereitos políticos declarada por decisión xudicial firme.

e) Por condena en sentenza firme a causa de delito.

f) Por incumprimento das obrigas do cargo, conforme ás normas de réxime interior do Consello de Contas.

### Sección 2.<sup>a</sup>

Persoal ó servizo do Consello

Artigo 17. Réxime xeral.

1. O persoal ó servizo do Consello de Contas, integrado por funcionarios con titulación axeitada, sen prexuício das normas especiais que lle sexan de aplicación, estará suxeito ó réxime xeral da Función Pública e ás súas incompatibilidades.

2. O desempeño da Función Pública no Consello de Contas será incompatible con calquera outra función, destino ou cargo, así como co exercicio profesional e coa intervención en actividades industriais, mercantís ou profesionais, mesmo as consultivas e as de asesoramento.

Artigo 18. Comisionados.

1. O Consello de Contas poderá comisionar a expertos que teñan titulación adecuada ó obxecto de inspeccionar, revisar e comprobar documentación, libros, metálico, valores, bens e existencias das Entidades do sector público galego, ou para practica-la función prevista no apartado b) do artigo 4 desta Lei, e, en xeral, para comprobar-la realidade das operacións reflexadas nas súas contas e emitir-los informes correspondentes.

2. Non poderán ser comisionados os que incorran nalgún dos supostos a que se refire o número 3 do artigo 12.

### Sección 3.<sup>a</sup>

Documentación e memoria anual

Artigo 19. Documentación das actuacións.

1. O resultado da fiscalización farase constar por medio de mocións ou notas dirixidas á Autoridade, Organismo ou Entidade ás que afecten e de memorias ordinarias ou extraordinarias, que se elevarán ó Parlamento de Galicia,

con remisión de copias á Xunta de Galicia e mais ás indicadas Autoridades, Organismos e Entidades afectadas e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O Consello de Contas fará constar cantas infraccións, abusos ou prácticas irregulares observase, con indicación da responsabilidade en que, ó seu xuício, se incorrese e das medidas para esixila.

3. O Consello de Contas poderá emitir en calquera momento, a petición do Parlamento ou por iniciativa propia, informes ou memorias relativas ás funcións sinaladas nesta Lei.

#### Artigo 20. Memoria anual.

1. O Consello de Contas de Galicia deberá elaborar e elevar ó Parlamento unha memoria das súas actividades, que comprenderá a análise da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e das demais do sector público de Galicia. Extenderase, ademais, á fiscalización da xestión económica da Comunidade e do sector público galego e comprenderá, entre outros, os seguintes extremos:

a) Observancia da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia, das Leis reguladoras dos ingresos e gastos do sector público de Galicia e, en xeral, das normas que afectan á actividade económico-financieira e contable do mesmo.

b) Cumprimento das previsións e da execución dos Presupostos da

Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e demais entidades suxeitas á súa fiscalización.

c) Racionalidade na execución do gasto público baseado en criterios de eficacia e economía.

d) Execución dos programas de actuación, inversións e financiación e demais plans ou previsións que rexan a actividade das empresas públicas e das empresas vinculadas á Comunidade Autónoma, así como o emprego ou aplicación de subvencións con cargo ó presuposto da Comunidade Autónoma e das exencións fiscais directas e persoais concedidas.

2. O Consello de Contas propondrá as medidas a adoptar, no seu caso, para a mellora da xestión económico-financieira do sector público de Galicia.

3. Así mesmo, a memoria anual conterá un informe das actividades xurisdiccionais do Consello durante o exercicio correspondente.

#### Sección 4.<sup>a</sup>

##### Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento

Artigo 21. Comisión parlamentaria.

Unha Comisión parlamentaria encargarse das relacións do Parlamento co Consello de Contas.

Artigo 22. As contas do Consello.

O exame das contas do Consello de Contas correspóndelle ó Parla-

mento de Galicia, ó que se lle deberán trasladar con esta finalidade como un anexo na memoria anual a que se refire o artigo 20 da presente Lei.

### Título III

#### Garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición de contas

##### Artigo 23. Deber de colaboración.

1. Tódalas entidades a que se refire o artigo 2 colaborarán co Consello de Contas no exercicio das funcións deste, estando obrigadas a subministrarlle cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes lles solicite.

Cando a normativa vixente establece a obrigatoriedade da censura xurada de contas para determinadas Entidades do sector público, aportarase o correspondente informe ó Consello.

2. O incumprimento dos requirimentos do Consello poderán supo-la aplicación das sancións legalmente establecidas.

Se os requirimentos se refiren á reclamación de xustificantes de inversións ou gastos públicos e non son cumpridos no prazo solicitado, iniciarase de oficio o oportuno expediente de reintegro.

O Consello de Contas porá en coñecemento do Parlamento de Galicia a falta de colaboración dos obrigados a prestarlla.

3. Trasladaranse ó Consello de Contas as auditorías practicadas polos servicios competentes da Administración Autonómica ou baixo a dirección da Xunta de Galicia.

##### Artigo 24. Procedemento.

1. Os procedementos para o exercicio da función fiscalizadora impulsaranse de oficio en tódolos seus trámites.

A iniciativa correspóndelles ó propio Consello e ó Parlamento de Galicia.

2. Os requirimentos de inhibición feitos ó Consello de Contas non producirán a suspensión do respectivo procedemento.

##### Artigo 25. Presentación das contas.

1. O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ó exame e comprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de seis meses, a partir da data na que se rendese.

O Pleno dictará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ó Parlamento coa oportuna proposta, dando traslado á Xunta de Galicia, a cal deberá dispo-la publicación das conclusións no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As Entidades Locais deberán emitilas contas de cada exercicio, directamente, ó Consello, antes do 31 de xullo do ano seguinte ó do remate do exercicio.

O Consello de Contas debe formar e uni-la conta xeral das Entidades Locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento.

3. Á conta xeral da Comunidade Autónoma acompañarase a conta xeral de operacións realizadas polas Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

#### Artigo 26. Contadantes.

Serán contadantes nas que se deban render ó Consello de Contas:

a) Os funcionarios e demais persoal das Entidades do sector público galego que teñan ó seu cargo a xestión dos ingresos e gastos públicos, así como as demais operacións de administración.

b) Os Presidentes ou Directores dos organismos autónomos e empresas públicas a que se refire o artigo 2 desta Lei.

c) Os particulares que, excepcionalmente, administren, recaden ou custodien fondos ou valores da Comunidade Autónoma, sen prexuício de que sexan intervidas as respectivas operacións; e

d) Os perceptores das subvencións correntes a que se refire o artigo 58, apdo. 3, e artigo 85, apdo. 3, da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

#### Artigo 27. Medios de apremio.

1. Os medios de apremio que o Consello poderá empregar gra-

dualmente para asegura-la rendición de contas e o mellor cumprimento das súas funcións, son:

a) O requirimento, entendéndose por tal a orde que se comunique polo Consello fixando o prazo para o cumprimento dun servizo.

b) A imposición de multas coercitivas.

c) A formación de oficio da conta retrasada e dos estados ou documentos que se pidan, a cargo e risco do apremiado.

2. En calquera caso, e sen prexuício de deducir tanto de culpa por desobediencia ós efectos de instrucción do proceso penal, o Consello de Contas poderá propor á autoridade ou órgano competente de que dependa o contadante a apertura do procedemento sancionador.

#### Artigo 28. Multas coercitivas.

1. No caso de incumprimento dos requirimentos efectuados, o Consello de Contas poderá impor multas ata a contía dun mes dos seus haberes ós funcionarios, e para os particulares ata a cantidade de 100.000 pesetas, pola primeira vez, e de ata dous meses ou 500.000 pesetas, respectivamente, en caso de reincidencia.

2. Se o requirido ó pagamento fose persoal ó servizo das entidades a que se refire o artigo 2 e non o fíxese efectivo, ordenarase ó habilitado ou pagador que, baixo a

súa responsabilidade, faga efectivo o importe da mesma deducindo da primeira mensualidade que lle corresponda percibir ou das sucesivas, se excedese, na cantidade que legalmente poida ser descontada.

3. Cando o apremiado sexa un particular, o Consello, para efectividade da multa, procederá ó seu cobro en voluntaria e, de non se efectua-lo pagamento, en vía executiva, aplicando as normas da Comunidade Autónoma que regulen a recadación dos seus tributos, e, no seu defecto, as normas estatais. A estes efectos, a correspondente certificación de descuberto será expedida polo Secretario Xeral do Consello de Contas.

4. De toda imposición de multa a altos cargos ou persoal das Administracións Autonómica, Local ou Corporativa darase conta á autoridade da que dependen, expondo as causas que determinasen o devandito medio de apremio, para que, sen prexuício da exacción da multa polo Consello de Contas, adopte aquelas outras medidas que coide convenientes.

#### Disposición adicional

En todo o non regulado por esta Lei será de aplicación, en canto fose conducente, o establecido na Lei Orgánica 2/82, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

#### Disposición transitoria primeira

O Parlamento nomeará, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta Lei, os membros do Consello de Contas, de acordo co procedemento establecido.

#### Disposición transitoria segunda

Na primeira sesión que celebrará despois de se constituí-lo Consello de Contas, o Pleno debe designar ó chou tres Conselleiros, o mandato dos cales durará tres anos. Transcorrido o devandito prazo, o Pleno do Parlamento designará os novos Conselleiros na forma establecida pola Lei.<sup>(6)</sup>

#### Disposición derradeira

No término de seis meses a partir da súa constitución, o Consello de Contas elaborará un proxecto de normas de réxime interior que presentará ó Parlamento para a súa aprobación.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 1985

Gerardo Fernández Albor  
Presidente

---

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria segunda foi modificada polo artigo 2 da Lei 4/1986.